

<b>Rama de coñecemento</b>	Científica
<b>Prazas ofertadas</b>	
<b>Créditos ECTS totais</b>	60
<b>Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado</b>	6
<b>Presencialidade</b>	Presencial
<b>Universidades participantes</b>	Universidade de Vigo

### Descrición

As industrias de extracción e elaboración de produtos da pesca, de indubidable transcendencia económica, supoñen un importante elemento dinamizador da economía rexional (man de obra directa e indirecta, subministracións etc.), e manteñen unha liña de expansión, a pesar dos importantes retos do mercado (custo de materias primas, competencia de terceiros países, reconversión industrial etc.).

A Universidade de Vigo, xunto coa Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos (Anfaco-Cecopesca), vén impartindo dende 2010 un programa de mestrado oficial de posgrao. O citado programa, totalmente innovador, abarca todos os aspectos relacionados coa conservación dos produtos da pesca e da acuicultura, así como unha aposta importante polo desenvolvemento de novos produtos, a innovación e a calidade.

O Máster en ciencia e tecnoloxía de conservación de produtos da pesca busca formar profesionais con cualificación dentro deste ámbito industrial, que lle permita ao sector dotarse de persoal técnico especializado na conservación dos produtos da pesca. Conxúganse os aspectos teóricos e prácticos que configuran o perfil de profesionais demandados pola industria de conservación de produtos da pesca e da acuicultura.

### Perfil de ingreso recomendado

O Máster en ciencia e tecnoloxía de conservación de produtos da pesca está orientado cara a titulados/as universitarios cuxos estudos gardan relación coas ensinanzas propias especializadas do título, e terán preferencia as seguintes:

- Química
- Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos
- Bioloxía
- Ciencias do Mar
- Veterinaria
- Farmacia
- Determinadas ramas das enxeñarías

### Saídas profesionais

- Xerencia/persoal encargado de pequenas industrias alimentarias/industrias procesadoras de produtos da pesca e da acuicultura
- Xefatura de liña ou xefatura de produción en industrias alimentarias/industrias de elaboración de produtos da pesca e da acuicultura
- Responsable/persoal técnico de calidade en industrias alimentarias/industrias de produtos da pesca e da acuicultura
- Responsable/persoal técnico de laboratorio de industrias alimentarias/industrias de produtos da pesca e da acuicultura
- Persoal que se encarga de aprovisionamentos da pesca e da acuicultura
- Persoal técnico-comercial de derivados e elaborados da pesca e da acuicultura

### Máis información

Coordinador	José Manuel Canosa Saa
Páxina web do mestrado	<a href="http://webs.uvigo.es/pesca_master/">http://webs.uvigo.es/pesca_master/</a>
Páxina web do centro	<a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_quimica.html">http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_quimica.html</a>
Código RUCT	4312601
Enlace ao RUCT	<a href="https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4312601&amp;actual=estudios">https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4312601&amp;actual=estudios</a>
Teléfono	
Enderezo electrónico	<a href="mailto:jcanosa@uvigo.es">jcanosa@uvigo.es</a>